

## **BLOQUE II. DEREITO ADMINISTRATIVO.**

### **ENUNCIADO:**

Para a xestión das actividades de investigación a USC emprega un software, sendo a patente propiedade da empresa “Solucións Xestión I+D”. Deste software a USC leva facendo uso de xeito satisfactorio desde 2020. Recentemente a universidade tomou a decisión de integrar a xestión económica destas actividades no software indicado e para logralo pretende licitar un contrato cuxo valor estimado será de 250.000 euros. Para realizar a integración será preciso desenvolver un módulo específico dentro da aplicación.

Resolva a seguintes cuestións:

- a) Motive porque é de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a este caso.
- b) Clasifique o tipo de contrato que se vai licitar e motive a clasificación feita.
- c) Indique e motive cal/es serían os posible/posibles procedementos de adxudicación a empregar.
- d) Indique as características de tramitación mais salientables do procedemento elixido (publicidade, prazos e posibles recursos nas fases de proposta de adxudicación e adxudicación).

### BLOQUE III. XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA.

#### ENUNCIADO:

A Universidade de Santiago de Compostela quere inaugurar o Laboratorio REMEM o 30 de xuño de 2025, dado que polo momento non conta con financiamento específico quere asumir este gasto con cargo ao orzamento de Investigación (código orgánico 8050) e de ser necesario achegaría algún financiamento a Xerencia (código orgánico 8075). O orzamento inicial destes códigos orgánicos, a nivel de capítulo é:

Código orgánico	Capítulo	Importe
8050	II	500.000,00
	IV	350.000,00
	VI	1.100.000,00
8075	I	15.000.000,00
	II	6.250.000,00
	VI	3.500.000,00

Previa á inauguración, haberá que habilitar un espazo situado na planta baixa da Facultade de Física, aproximadamente 100 m<sup>2</sup>, así como adquirir equipamento. Os orzamentos, previos ás licitacións de ser o caso, con que contan para a actuación completa son:

Tipo de actuación	Orzamento (IVE incluído)	Período de execución	Facturación
Redacción de proxecto da obra	65.000,00	01.06.2024-31.08.2024	Mensual
Execución da obra	550.000,00	01.12.2024-28.02.2025	Mensual
Adquisición de equipamento	350.000,00	Entrega o 30.04.2025	Coa recepción do equipo instalado

Dado que se trata dunha infraestrutura con requirimentos específicos para a construción e legalización, a USC pensa que probablemente a redacción do proxecto deberá ser realizada por un arquitecto americano (acreditado para a realización deste tipo de proxectos) e probablemente o equipamento só poderá adquirirse a unha empresa alemá que é a que ten a patente de fabricación.

Antes de dar publicidade a esta actuación, a Xerencia da USC solicita información motivada das seguintes cuestións:

1. Xestión orzamentaria do gasto, con especial referencia á contabilización no exercicio 2024 e 2025 (capítulo no que debe imputarse cada gasto, modificacións orzamentarias necesarias de ser o caso, xestión do gasto plurianual...)
2. Tendo en conta os posibles adxudicatarios dos contratos, implicacións fiscais (de IRPF e IVE) a ter en conta e requisitos para a tramitación (actividade profesional, importación)

3. Un dos obxectivos do centro para o exercicio 2026 é acreditarse como centro de referencia de investigación da comunidade autónoma e para lograr isto resulta imprescindible poder informar dos seus custos e marxes de cobertura aplicando o Sistema de Contabilidade Analítica para Universidades (Modelo C.A.N.O.A). Usando como referencia este modelo faga unha proposta de definición deste centro como centro de custo.

Na proposta debe recollerse un suposto de estrutura de centro de custo, con actividades, así como o resto de elementos precisos para unha definición completa dos diferentes compoñentes do sistema (centros, actividades, relación entre estruturas e fases de reparto). Deben indicarse posibles custos a incluír, así como algún exemplo do tratamento a dar a estes custos nalgunha das fases de reparto existentes no modelo.

Para a definición deste sistema considere que o centro ten tres liñas de traballo: a realización de probas de laboratorio, a investigación e a formación de persoal predoutoral.

4. Na USC coexisten tres modelos contables (orzamentario, financeiro e analítico), indique cal sería a natureza dos seguintes elementos en cada un dos sistemas contables, se deben ser tratados como gastos, como inversión o como custo.
- A compra dun equipo de laboratorio de elevado importe
  - A provisión dun fondo para unha posible indemnización por despido improcedente
  - A amortización de capital dun crédito bancario
  - A amortización dun equipamento informático
  - A subministración do servizo de gas natural
  - A transferencia ao alumnado dunhas bolsas nas que a universidade so fai de pagadora sen prestar xestión adicional

#### **BLOQUE IV. RECURSOS HUMANOS.**

##### **ENUNCIADO:**

En data 20 xaneiro de 2019 o tribunal do proceso selectivo da escala de xestión da USC (subgrupo A2) publica a relación de aprobados/as do proceso selectivo. Na listaxe de aprobados atópase Dona A.B.B.

En data 1 de marzo de 2019 Dona A.B.B. comeza o período de funcionaria en prácticas.

En data 20 de abril de 2019 toma posesión como destino provisional nun posto base dependente da Xerencia.

Transcorridos 3 meses da toma de posesión solicita unha excedencia para o coidado do seu avó que ten a cargo, aos 6 meses prodúcese o falecemento do avó.

En data 20 de abril de 2020 Dona A.B.B. solicita o recoñecemento de 1 trienio por ter prestado servizos durante 2 anos noutra administración pública.

En data 15 de setembro de 2020 prodúcese o nacemento do fillo de Dona A.B.B.

En data 1 de abril de 2021 toma posesión do destino definitivo nun posto base do servizo de contratación.

Debido a una accidente de tráfico, no período entre o 1 de xaneiro de 2022 e 29 de xuño de 2024 ten concedida unha incapacidade temporal pola Seguridade Social.

Solicítase que se indique de forma motivada a resposta as seguintes cuestións:

- 1.- Posibilidade de concesión da excedencia solicitada e no seu caso, as condicións da mesma
- 2.- Situación administrativa durante os diversos períodos temporais indicados no enunciado
- 3.- Tipoloxía das retribucións a percibir durante cada un dos períodos de A.B.B. descritos no enunciado
- 4.- Posibles dereitos adicionais da funcionaria tras o nacemento do fillo
- 5.- Consecuencias para A.B.B. si en data 30 de xuño de 2024 non se atopa en condicións de incorporarse ao traballo

## BLOQUE V. XESTIÓN UNIVERSITARIA E DA INVESTIGACIÓN.

### ENUNCIADO:

Vde. acaba de tomar posesión como técnico superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela. Unha vez incorporada ao posto, no seu primeiro día de traballo, o seu superior xerárquico infórmalle de que el forma parte da Comisión de Reforma Estatutaria. Esta Comisión, delegada do Consello de Goberno, ten o cometido de elaborar uns novos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, axustados ao marco legal actual, toda vez que o texto vixente foi aprobado no ano 2014 e estaba aliñado coa Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, hoxe en día derrogada. Diversas partes do articulado dos estatutos vixentes deben ser modificadas / eliminadas / engadidas ao entrar en conflito coa Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (no sucesivo, LOSU).

1. O seu superior solicítalle, de cara á próxima reunión da Comisión, que elabore un informe no que Vde. sinale que modificacións hai que introducir nos seguintes puntos do artigo 12 dos estatutos da USC, para aliñalos coa LOSU.

- a) Artigo 12.1 Relación de corpos docentes
- b) Artigo 12.2 Relación de categorías de PDI contratado
- c) Artigo 12.5 Limitación porcentual ao profesorado contratado laboral temporal

E que motive a redacción proposta.

2. O seu superior escoitou que nos novos estatutos debería referenciarse a creación dunha serie de unidades e/ou entidades que a LOSU indica que tódalas universidades deberán posuír obrigatoriamente:

- a) Unidade de igualdade e diversidade
- b) Portal de datos abertos
- c) Servizo de auditoría interna
- d) Sistema de contabilidade analítica

Indique se é certo ou non que é obrigatorio que na USC existan cada unha destas unidades, e/ou de ser o caso, outras semellantes, atendendo á redacción da LOSU.

3. O seu superior viu nas novas da tele que os requisitos para ser Reitor ou Reitora dunha universidade mudaron coa aprobación da LOSU, e ten interese en saber se el, que é profesor contratado doutor, podería presentarse.

Indique e xustifique se as seguintes categorías de persoal universitario poden ser candidatas a reitor:

- a) Un/unha profesor/a axudante doutor/a
- b) Un/unha funcionario/a da escala técnica superior de administración da USC a tempo completo, doutor/a, con numerosos méritos de investigación, docencia e experiencia de xestión universitaria, e que ademais é profesor/a asociado/a.
- c) Un/unha profesor/a contratado/a doutor/a.

4. O seu superior tampouco ten claro se a LOSU establece algunha limitación ao respecto das posibilidades da participación dos distintos membros da comunidade universitaria en empresas baseadas no coñecemento. É coñecedor da existencia dun regulamento propio da USC sobre a materia, pero redactado consonte coa derogada LOU, polo que non sabe ata que punto é de aplicación. Consecuentemente, pídelle que indique que artigos do “*Regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica (EBT) da Universidade de Santiago de Compostela*” considera que entran en conflito cos artigos 60 e 61 da LOSU, e de ser o caso que modificacións cumpriría facer, e a súa valoración técnica acerca de se o regulamento segue a ser aplicable ou é totalmente incompatible coa LOSU.

## **BLOQUE II. DERECHO ADMINISTRATIVO.**

### **ENUNCIADO:**

Para la gestión de las actividades de investigación la USC emplea un software, siendo la patente propiedad de la empresa “Soluciones Gestión I+D”. De este software la USC lleva haciendo uso de forma satisfactoria desde 2020. Recientemente la universidad tomó la decisión de integrar la gestión económica de estas actividades en el software indicado y para lograrlo pretende licitar un contrato cuyo valor estimado será de 250.000 euros. Para realizar la integración será necesario desarrollar un módulo específico dentro de la aplicación.

Resuelva las siguientes cuestiones:

- a) Motive porque es de aplicación la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público a este caso.
- b) Clasifique el tipo de contrato que se va a licitar y motive la clasificación hecha.
- c) Indique y motive cuál/es serían los posible/posibles procedimientos de adjudicación a emplear.
- d) Indique las características de tramitación más destacables del procedimiento elegido (publicidad, plazos y posibles recursos en las fases de propuesta de adjudicación y adjudicación).

### BLOQUE III. GESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA.

#### ENUNCIADO:

La Universidad de Santiago de Compostela quiere inaugurar el Laboratorio REMEM el 30 de junio de 2025, dado que por el momento no cuenta con financiación específica quiere asumir este gasto con cargo al presupuesto de Investigación (código orgánico 8050) y de ser necesario aportaría financiación la Xerencia (código orgánico 8075). El presupuesto inicial de estos códigos orgánicos, a nivel de capítulo es:

Código orgánico	Capítulo	Importe
8050	II	500.000,00
	IV	350.000,00
	VI	1.100.000,00
8075	I	15.000.000,00
	II	6.250.000,00
	VI	3.500.000,00

Previa a la inauguración, habrá que habilitar un espacio situado en la planta baja de la Facultad de Física, aproximadamente 100 m<sup>2</sup>, así como adquirir equipamiento. Los presupuestos, previos a las licitaciones de ser el caso, con que cuentan para la actuación completa son:

Tipo de actuación	Presupuesto (IVA incluido)	Periodo de ejecución	Facturación
Redacción de proyecto da obra	65.000,00	01.06.2024-31.08.2024	Mensual
Ejecución de la obra	550.000,00	01.12.2024-28.02.2025	Mensual
Adquisición de equipamiento	350.000,00	Entrega el 30.04.2025	Con la recepción del equipo instalado

Dado que se trata de una infraestructura con requisitos específicos para la construcción y legalización, la USC piensa que probablemente la redacción del proyecto deberá ser realizada por un arquitecto americano (acreditado para la realización de este tipo de proyectos) y probablemente el equipamiento solo podrá adquirirse a una empresa alemana que es la que tiene la patente de fabricación.

Antes de dar publicidad a esta actuación, la Gerencia de la USC solicita información motivada de las siguientes cuestiones:

1. Gestión presupuestaria del gasto, con especial referencia a la contabilización en el ejercicio 2024 y 2025 (capítulo en el que debe imputarse cada gasto, modificaciones presupuestarias necesarias de ser el caso, gestión del gasto plurianual...)
2. Teniendo en cuenta los posibles adjudicatarios de los contratos, implicaciones fiscales (de IRPF e IVA) para tener en cuenta y requisitos para la tramitación (actividad profesional, importación)



3. Uno de los objetivos del centro para el ejercicio 2026 es acreditarse como centro de referencia de investigación de la comunidad autónoma y para lograr esto resulta imprescindible poder informar de sus costes y márgenes de cobertura aplicando el Sistema de Contabilidad Analítica para Universidades (Modelo C.A.N.O.A). Usando como referencia este modelo haga una propuesta de definición de este centro como centro de coste.

En la propuesta debe recogerse un supuesto de estructura de centro de coste, con actividades, así como el resto de los elementos precisos para una definición completa de los diferentes componentes del sistema (centros, actividades, relación entre estructuras y fases de reparto). Deben indicarse posibles costes a incluir, así como algún ejemplo del tratamiento a dar a estos costes en alguna de las fases de reparto existentes en el modelo.

Para la definición de este sistema considere que el centro tiene tres líneas de trabajo: la realización de pruebas de laboratorio, la investigación y la formación de personal predoctoral.

4. En la USC coexisten tres modelos contables (presupuestario, financiero y analítico), indique cuál sería la naturaleza de los siguientes elementos en cada uno de los sistemas contables, si deben ser tratados como gastos, como inversión o como coste.
- La compra de un equipo de laboratorio de elevado importe
  - La provisión de un fondo para una posible indemnización por despido improcedente
  - La amortización de capital de un crédito bancario
  - La amortización de un equipamiento informático
  - El suministro del servicio de gas natural
  - La transferencia al alumnado de unas becas en las que la universidad sólo hace de pagadora sin prestar gestión adicional

#### **BLOQUE IV. RECURSOS HUMANOS.**

##### **ENUNCIADO:**

En fecha 20 enero de 2019 el tribunal del proceso selectivo de la escala de gestión de la USC (subgrupo A2) publica la relación de aprobados/as del proceso selectivo. En la lista de aprobados/as se encuentra Doña A.B.B.

En fecha 1 de marzo de 2019 Doña A.B.B. comienza el periodo de funcionaria en prácticas.

En fecha 20 de abril de 2019 toma posesión como destino provisional en un puesto base dependiente da la Gerencia.

Transcurridos 3 meses de la toma de posesión solicita una excedencia para el cuidado de su abuelo que tiene a cargo, a los 6 meses se produce el fallecimiento del abuelo.

En fecha 20 de abril de 2020 Doña A.B.B. solicita el reconocimiento de 1 trienio por haber prestado servicios durante 2 años en otra administración pública.

En fecha 15 de septiembre de 2020 se produce el nacimiento del hijo de Doña A.B.B.

En fecha 1 de abril de 2021 toma posesión del destino definitivo en un puesto base del servicio de contratación.

Debido a un accidente de tráfico, en el periodo entre o 1 de enero de 2022 y 29 de junio de 2024 tiene concedida una incapacidad temporal por la Seguridad Social.

Se solicita que se indique de forma motivada la respuesta a las siguientes cuestiones:

- 1.- Posibilidad de concesión de la excedencia solicitada y en su caso, las condiciones de la misma
- 2.- Situación administrativa durante los diversos períodos temporales indicados en el enunciado
- 3.- Tipología de las retribuciones a percibir durante cada uno de los períodos de A.B.B. descritos en el enunciado
- 4.- Posibles derechos adicionales de la funcionaria tras el nacimiento del hijo
- 5.- Consecuencias para A.B.B. si en fecha 30 de junio de 2024 no se encuentra en condiciones de incorporarse al trabajo

## BLOQUE V. GESTIÓN UNIVERSITARIA Y DE LA INVESTIGACIÓN.

### ENUNCIADO:

Ud. acaba de tomar posesión como técnico superior de administración de la Universidad de Santiago de Compostela. Una vez incorporada al puesto, en su primer día de trabajo, su superior jerárquico le informa de que él forma parte de la Comisión de Reforma Estatutaria. Esta Comisión, delegada del Consejo de Gobierno, tiene el cometido de elaborar unos nuevos Estatutos de la Universidad de Santiago de Compostela, ajustados al marco legal actual, toda vez que el texto vigente fue aprobado en el año 2014 y estaba alineado con la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, hoy en día derogada. Diversas partes del articulado de los estatutos vigentes deben ser modificadas / eliminadas / añadidas al entrar en conflicto con la Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario (en lo sucesivo, LOSU).

1. Su superior le solicita, con vistas a la próxima reunión de la Comisión, que elabore un informe en el que Ud. señale que modificaciones hay que introducir en los siguientes puntos del artículo 12 de los estatutos de la USC, para alinearlos con la LOSU.

- a) Artículo 12.1 Relación de cuerpos docentes
- b) Artículo 12.2 Relación de categorías de PDI contratado
- c) Artículo 12.5 Limitación porcentual al profesorado contratado laboral temporal

Y que motive la redacción propuesta.

2. Su superior ha escuchado que en los nuevos estatutos debería hacerse referencia a la creación de una serie de unidades y/o entidades que la LOSU indica que todas las universidades deberán poseer obligatoriamente:

- a) Unidad de igualdad y diversidad
- b) Portal de datos abiertos
- c) Servicio de auditoría interna
- d) Sistema de contabilidad analítica

Indique si es cierto o no que es obligatorio que en la USC existan cada una de estas unidades, y/o de ser el caso, otras semejantes, atendiendo a la redacción de la LOSU.

3. Su superior vio en las noticias de la tele que los requisitos para ser Rector o Rectora de una universidad han cambiado con la aprobación de la LOSU, y tiene interés en saber si él, que es profesor contratado doctor, podría presentarse.

Indique y justifique si las siguientes categorías de personal universitario pueden ser candidatas a rector:

- a) Un/una profesor/a ayudante doctor/a
- b) Un/una funcionario/a de la escala técnica superior de administración de la USC a tiempo completo, doctor/a, con numerosos méritos de investigación, docencia y experiencia de gestión universitaria, y que además es profesor/a asociado/a.
- c) Un/una profesor/a contratado/a doctor/a.

4. Su superior tampoco tiene claro si la LOSU establece alguna limitación al respeto de las posibilidades de la participación de los distintos miembros de la comunidad universitaria en empresas basadas en el conocimiento. Es conocedor de la existencia de un reglamento propio de la USC sobre la materia, pero redactado de acuerdo con la derogada LOU, por lo que no sabe hasta qué punto es de aplicación. Consecuentemente, le pide que indique que artículos del *“Reglamento de creación de empresas de base tecnológica (EBT) de la Universidad de Santiago de Compostela”* considera que entran en conflicto con los artículos 60 y 61 de la LOSU, y de ser el caso que modificaciones habría que hacer, y su valoración técnica acerca de si el reglamento sigue a ser aplicable o es totalmente incompatible con la LOSU.